

## **II CIRCUÍTO GALEGO DE LANZAMENTOS LONGOS 4ª Xornada**

**Art.1).**- A Federación Galega de Atletismo organiza a 4ª xornada do Circuito Galego de Lanzamentos Longos 2026, o 17 de xuño na Cidade Deportiva de Vista Alegre (Ordes - A Coruña): <https://maps.app.goo.gl/ZuUyauSkTTv6dCir6>

**Art.2).**- Poderán intervir atletas Sub 16 e superiores, con licencia en vigor pola FGA.

- A preferencia na admisión seguirá a seguinte orde:
  - i. Atletas con mellores marcas nas tempadas 2025 e 2026, co artefacto que lle corresponda na actualidade.

**Art.3).**- As inscricións realizaranse a través do sistema en liña da RFEA na páxina <https://atletismorfea.es/user/login-registro> ata as 23:45 horas do xoves 11 de xuño.

**Art.4).**- Comunicación de baixas.

- Serán remitidas a [servizos@atletismo.gal](mailto:servizos@atletismo.gal)
- O prazo de comunicación rematará ás 23:59 horas do domingo 14 de xuño.

**Art.5).**- Horario (poderá ser modificado en función das inscricións).

<b>Hora</b>	<b>Proba</b>	<b>Sexo</b>	<b>Prazas</b>
17:00	Disco	Mixto	12 (6+6)
18:25	Martelo	Mixto	12 (6+6)
19:50	Xavelina	Mixto	12 (6+6)

**Art.6).**- A presentación de artefactos persoais para a súa homologación pechará 1h antes do comezo da súa proba, agás para a proba de xavelina para a que pechará 1h30' antes do seu comezo.

**Art.7).**- Número de intentos.

- Pasarán á mellora as 4 mellores marcas femininas e as 4 mellores marcas masculinas, independentemente da súa categoría, e disporán doutros 3 intentos de mellora.

**Art.8).**- A responsabilidade das inscricións dos atletas, salvo que sexan independentes, corresponderá ao seu club. Aplicaranse as seguintes penalizacións:

- As solicitudes de inscrición fora de prazo deberán ser enviadas a [servizos@atletismo.gal](mailto:servizos@atletismo.gal) para a súa valoración. No caso de ser admitidas, levarán asociadas unha recarga de 6€ por atleta.
- Calquera baixa con posterioridade ás 23:59 do domingo previo ó inicio da competición ou a non participación final, levará asociada o cobro da cota de inscrición xunto cunha sanción de 5€ por proba.
- Non acreditar a veracidade nas inscricións enviadas á FGA: 6 € por atleta con datos falsos.

**Art.9).**- Todo o non disposto no presente regulamento resolverase, por esta orde, de acordo as normas da FGA, RFEA e World Athletics.